



**CONCELLO DE MUROS**  
**(A Coruña)**

D. Jose Manuel Mayo Priegue secretario accidental do Concello de Muros, A Coruña

**CERTIFICO**

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada o día 26 de febreiro de 2026, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3) e do PSOE (3), coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1), e co voto en contra do grupo municipal do Partido Popular (4), e por maioría simple, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

**SEGUNDO. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal da taxa polo servizo de extinción de incendios e outras actuacións municipais de emerxencia (expte. 2025/G015/000003).**

**Primeiro.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de extinción de incendios e outras actuacións municipais de emerxencia, nos seguintes termos:

- a) Modificación do artigo 1. Feito imponible
- b) Eliminación do artigo 4. Exencións subxectivas
- c) Modificación do punto 5 e renumeración do mesmo
- d) Modificación da disposición adicional

Quedando a ordenanza modificada como segue:

**“Ordenanza fiscal da taxa polo servizo de extinción de incendios e outras actuacións municipais de emerxencia**

**Artigo1.- Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de emerxencias municipal nos casos de incendios, accidentes de tráfico ou alarmas deles, afundimentos totais ou parciais de edificios ou instalacións, ruínas, derrubes, inundacións, salvamentos, subministro de auga e outros análogos, por solicitude de particulares interesados, ou de oficio por razóns de seguridade e necesidade sempre que redunden no beneficio do suxeito pasivo

2. Non estará suxeito á taxa o servizo de prevención xeral de incendios nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio ou nos casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarados.

**Artigo 2.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 33 da Lei xeral tributaria, usuarios das fincas sinistradas que foran obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos e arrendatarios das mesmas.

**Artigo 3.- Responsables**

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e síndicos, interventores ou liquidadores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o



**CONCELLO DE MUROS**  
**(A Coruña)**

artigo 40 da Lei xeral tributaria.

**Artigo 4.- Cota tributaria.**

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos profesionais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2. Para ese efecto, aplicarase a seguinte táboa:

- Por cada operario-bombeiro, en cada hora ou fracción, 45,00 €.
- Por cada vehículo/embarcación, en cada hora ou fracción, 100,00 €.
- Por cada quilómetro percorrido, 4,00 €.
- Por uso de absorbente, 20,00 €
- Por uso de espumóxeno 20,00 €
- Por uso de dispersante 20,00€

3. A cota tributaria total será a suma das correspondentes aos dous epígrafes anteriores.

**Artigo 5.- Devengo.**

Devengarase a taxa e xorde a obriga de contribuír cando saia do garaxe onde estea estacionado o coche - tanque e a dotación correspondente, que é cando se inicia para tódolos efectos a prestación do servizo.

**Artigo 6.- Liquidación e ingreso.**

De acordo cos datos que certifiquen os operarios de extinción de incendios, os servizos do Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento xeral de recadación.

**Artigo 7.- Infraccións e sancións.**

No tocante á cualificación de infraccións e imposición de sancións tributarias estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A prestación dos servizos a que se refire a presente ordenanza, fóra do termo municipal, só se levará a cabo previa solicitude expresa do alcalde do respectivo municipio e mediante autorización específica do alcalde desta corporación ou a petición do servizo de Emerxencias de Galicia"

**Segundo.** Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal "<https://sede.muros.gal>", durante o prazo de trinta días, a fin de que as persoas interesadas poidan examinalo e presentar reclamacións.

**Terceiro.** Considerar definitivamente aprobado o acordo, sen necesidade de novo pronunciamento plenario, no caso de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública, de conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Cuarto.** Publicar o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.



**CONCELLO DE MUROS**  
**(A Coruña)**

**Quinto.** Facultar á Alcaldía para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

E para que conste aos efectos oportunos, asino a presente certificación co visto e praxe da Sra Alcaldesa, Da. María Lago Leston en Muros a 2 de marzo de 2026